


**LADRA, Lois: “Adiviñanceiro tradicional do Corgo” en LUCENSIA: Miscelánea de cultura e investigación, 64. Lugo: Seminario Diocesano de Lugo, 2022.**



Xosé Lois Ladra Fernández é licenciado en Xeografía e Historia, Antropoloxía Social e Cultural e diplomado en estudos avanzados en Arqueoloxía. Entre as súas numerosas publicacións hai libros e estudos de etnografía, etnoloxía, antropoloxía, arqueoloxía e arte; mais este novo traballo seu encádrase na literatura de tradición oral e dentro do proxecto ideado polo concello lugués do Corgo denominado Proxecto Corgoral. Con este proxecto, comezado no ano 2020, preténdese recoller e difundir a “literatura de tradición oral e etnográfica do Corgo”, que se concreta en contos, lendas, romances, poesía popular, refráns, ditados e adiviñas. Precisamente, estas últimas son o obxecto do traballo que estamos a comentar. Outros

obxectivos do Proxecto Corgoral son: “constituír un rexistro exhaustivo e indexado da LPTC corguesa, garantir a salvagarda destas manifestacións en formatos materiais e virtuais compatibles coas novas tecnoloxías, publicar os resultados obtidos e incentivar a transmisión interxeracional de coñecementos, prácticas e valores culturais locais nun contexto de humanismo e respecto ético polas boas prácticas”.

O traballo consta de seis partes. Na primeira, titulada “As recollas orais: alicerces teóricos e antecedentes historiográficos”, o autor fai un moi breve repaso polos diferentes xéneros que compón a LPTO, entre os que se inclúen as adiviñas, que, como o autor di, seguindo a X. Cobas, son un “xogo en forma de loita intelectual, formulado case sempre en verso” e que consiste en “descubrir ou identificar un contido proposto por outra persoa, encuberto nunha descrición literaria”. A seguir, despois de mencionar a funcionalidade pedagóxica, lúdica e poética que lles é atribuída, cita algunhas das principais recollas xerais de adiviñas tradicionais en Galicia desde o século XIX para concluír coas achegas de ámbito municipal ou comarcal.

Na segunda parte, titulada “Bases metodolóxicas para a recolla do adiviñanceiro tradicional”, infórmanos do proxecto CORGORAL do Concello do Corgo para a recollida de literatura popular de tradición oral en que se inscribe o adiviñanceiro que nos ocupa e explica as premisas en que se baseou a elaboración deste adiviñanceiro tradicional e a importancia das diferentes achegas, en especial a do alumnado local de ensino primario e secundario.

Na terceira parte, a principal deste traballo, titulada “O adiviñanceiro tradicional do Corgo: as formulacións”, preséntansenos, en forma de verso, as formulacións das 135 adiviñas de que consta e nas que, a simple vista, podemos dicir que predominan, con moita diferenza, as de catro e dous versos. Están ordenadas por orde alfabética e levan cadanseu número para se poderen buscar na seguinte parte do traballo as solucións.

Con respecto a esta parte, ou sexa, ao adiviñanceiro propiamente dito, botamos en falta unha explicación dos criterios lingüísticos seguidos na presentación das adiviñas. Deducimos que foron adaptadas á variante normativa posto que –se exceptuamos o adxectivo “bon” na adiviña 17– non detectamos variantes dialectais –digámolo así– luguesas. Así temos: “irmáns” (16, 102, 103), “mans” (133), “verán” (117) e “ti” (56, 73), e supomos que tamén “nai” (12, 66, 122), polas esperadas “irmaos”, “maos”, “verao”, “tu” e “mai”. Na nosa opinión, as variantes locais deben ser respectadas, sobre todo nunha recolla deste tipo. Canto ás interferencias do castelán, parécenos ben substituílas por formas correctas, sobre todo se pensamos no uso didáctico das adiviñas. En relación con isto, parécenos ben a solución de pór en cursiva aquelas palabras que son interferencias máis non se poden substituír por causa da rima como en: “Miña comadre a picon, / ten un dente na *corona* (65). Debería, pois, facerse igual na seguinte: “Alta me vin, / alta me vexo / e alá enriba / deixei o pelexo” (01). As demais desviacións da norma poderían ser perfectamente corrixidas nun traballo deste tipo. É o caso de “estudiante” (56), “cuadra” (121) e “silva” [Voa sen ás, *silva* sen boca, / pega sen mans / e non se toca (133)]. Polo demais, aínda que hai algúns outros erros de lingua de diferentes tipos –que non imos comentar–, o aspecto en que é maior o desleixo é na acentuación diacrítica (32 casos). Mais, a pesar do antes dito, coidamos que, neste aspecto, son moitos máis os acertos que os erros.

Na cuarta parte, co título “Adiviñanceiro tradicional do Corgo: solucións”, temos, tamén numeradas, dúas páxinas coas solucións ás adiviñas.

Na quinta parte, titulada “A xeito de remate”, o autor expón cales foron os seus obxectivos con esta publicación e cal é o interese de iniciativas como esta con propostas didácticas baseadas en dinámicas interxeracionais.

Na sexta parte e última (“Bibliografía”) inclúense un número importante de obras relacionadas coa tradición oral, a literatura popular, a lingua e, en concreto, coas adiviñas, das que unha parte foron citadas no traballo e que poden orientar as persoas que queiran ampliar os seus coñecementos sobre estas materias.

Como conclusión, consideramos de moito interese, tanto este adiviñanceiro como o proxecto Corgoral en que se inscribe, e coidamos que este debería ser imitado en todos os concellos aproveitando todos os medios, en especial os centros de ensino e as residencias para persoas de idade. Parécenos sobre todo moi necesaria a recollida e divulgación do refraneiro e da fraseoloxía, en especial esta última por facer parte da lingua e ter unha maior vixencia ca os xéneros da literatura popular. Iso si, coidamos que todo este patrimonio cultural inmaterial (adiviñas, cantigas, ditos, unidades fraseolóxicas, refráns etc.) debe ser recollido coa máxima fidelidade para, noutras fases, poder adaptalo, se for preciso, e difundilo e utilizalo como material didáctico e para que volva ao coñecemento e ao uso xeral e da veciñanza.

Ramón Anxo Martíns Seixo  
Escola Oficial de Idiomas de Vigo